



CONCELLO DE VIGO
CONCELLERÍA DA ÁREA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente: 90/142

De: Responsable superior contable e Orzamentación

A: Xefatura Área de Servizos Sociais (D. Jesús Torrón)

Asunto: Orzamento 2025

Expediente: 90/142

Co data que figura na sinatura do 25/06/2024, o Sr. Alcalde Presidente, resolveu sobre o inicio do expediente de formación do Orzamento do ano 2025, o Sr. Concelleiro Delegado da Área de Orzamentos e Facenda (Delegación da Área, Resolución Xenérica da Alcaldía de 20 de xuño de 2023, publicada no BOPPO n° 124 de 28 de xuño, Delegación específica do 29 de xuño de 2023, publicada no BOPPO n° 136 do 14 de xullo de 2023 e Delegación da Xunta de Goberno Local de 22 de xuño de 2023, publicada no BOPPO n° 129 do 5 de xullo de 2023), ditou as directrices de formación do Proxecto de Orzamentos.

Ao obxecto de dar cumprimento ao previsto no artigo 168.1.f) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, incorporárase un anexo con información relativa aos convenios subscritos coas Comunidades Autónomas en materia de gasto social, con especificación da contía das obrigas de pago e dos dereitos económicos que se deben recoñecer no exercicio ao que se refire o orzamento xeral e das obrigas pendentes de pago e dereitos económicos pendentes de cobro, recoñecidos en exercicios anteriores, así como da aplicación ou partida orzamentaria na que se reflicten, e a referencia a que devanditos convenios inclúen a cláusula de retención de recursos do sistema de financiamento á que se refire o artigo 57 bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

En consecuencia, solicítase informe ao respecto.

Incorpórase un trámite AUT para que o Sr. Xefe de Área poida incorporar o informe.

En Vigo a data da sinatura electrónica

O Responsable superior contable e orzamentario: Luís García Álvarez

O CONCELLEIRO DELEGADO DE ORZAMENTOS E FACENDA: Jaime Aneiros Pereira

Delegación da Área, Resolución Xenérica da Alcaldía de 20 de xuño de 2023, publicada no BOPPO n° 124 de 28 de xuño, Delegación específica do 29 de xuño de 2023, publicada no BOPPO n° 136 do 14 de xullo de 2023 e Delegación da Xunta de Goberno Local de 22 de xuño de 2023, publicada no BOPPO n° 129 do 5 de xullo de 2023.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/10/2024 11:55	Páxina 1 de 1
90-142	CSV: A4AA53-E3DEEA-CF8A8C-SZKUXE-3CSWV3-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		